

Elisabeth Oliveira, poeta e mestra: "As mulleres libramos unha guerra constante"

A editorial Urutau vén de publicar 'Náufragas', segundo poemario desta autora políglota que é tamén mestra no IES Valle-Inclán

[Belén López](#) 20 de novembro de 2019

<https://www.diariodepontevedra.es/articulo/pontevedra/elisabeth-oliveira-poeta-mestra-mulleres-libramos-guerra-constante/201911181610271061534.html>

Quen son estas *náufragas* que lle dan título ao seu novo poemario?

As *Náufragas no mar e na terra* son as mulleres. As primeiras, as do mar, son as que se lanzan nunha balsa, nun barco, nun caiuco, coa esperanza de chegar a Europa e sobrevivir. A maioría das veces, sinxelamente iso, sobrevivir. As outras, as da terra, son as que, pola súa condición de muller, sofren. Sen necesidade de vivir unha guerra. Porque libramos unha guerra constante, incluso no primeiro mundo, por ser muller.

No seu primeiro libro, *Poesis*, recollía poemas que tiñan máis de 25 anos. Neste caso semella todo o contrario: que son versos apegados á actualidade.

É así. *Náufragas* foi un poemario que naceu despois de *Poesis*, en 2017. Levoume un ano e pico rematalo. Naquela época viamos constantemente nas novas ao Aquarius, aos voluntarios de Open Arms... Agora xa non se fala tanto deles, pero seguen aí. Porque o problema non se solucionou. Seguen naufragando embarcacións con milleiros de persoas tratando de chegar a Europa. O Mediterráneo converteuse nun grande cemiterio. Eu ía vendo todo iso e non era capaz de dixerilo. Aínda que hai unha parte de nós que se habitúa, rebelábase contra esa idea de que se convertese nalgo cotián, normal. É unha barbarie, unha cousa terrible. A miña maneira de facer algo era escribir sobre iso. Evidentemente, quen vai no Open Arms xógase a vida. Son consciente diso. Pero eu podo poñerme diante dun ordenador e ter a esa xente presente. Polo menos, non esquecela.

Tivo claro dende o principio que isto ía ser un poemario?

Si, tíveno moi claro. E que ía ser sobre as mulleres. E que ía ser sobre as migrantes.

Fai como autora un exercicio de empatía pouco habitual nos occidentais, segundo se nos recrimina de cotío. Ponse na pel das outras.

Uso moito a primeira persoa, si. Métome na súa pel como nais, como mulleres que sofren violencias... O naufraxio é moitas veces a última das violencias que sofren, as definitiva. Pero

todo o mundo sabe que en Libia as mulleres son violadas sistematicamente e son vítimas de trata. A empatía é necesaria para poder ser unha persoa íntegra. Fai moita falta. Nesta sociedade bótanse moito en falta o amor e a empatía.

«Somos minutos na tele,/ antes de falar do tempo (...)». É este un poemario por veces duro. Buscaba axitar conciencias?

Coñecemos a Aylan, pero cantos outros nenos houbo e hai coma el sen nome propio, que non quedarán na historia, na memoria? Lembro a imaxe recente dunha nai abrazada ao seu bebé no fondo do mar [rexistrada por un robot submarino da garda costeira italiana nos primeiros días do mes de setembro ante a illa de Lampedusa]. Saíu nos telexornais esa imaxe? Canto tempo se lle adicou? En todo caso, non se lembrarán e non teñen nome.

O poemario parece volverse máis intimista cando pasa das náufragas do mar ás náufragas da terra.

Que queres dicir? Que semella máis persoal? Quizais o percibas así porque trata máis o noso día a día. Eses poemas están máis preto da nosa cultura. Pero, evidentemente, cando me meto na pel dunha mendiga, non describo algo que vivín, senón unha realidade que observo. É certo que nesa parte das náufragas da terra están os poemas que recollen o sufrimento como muller dun xeito máis íntimo. Con todo, nesa parte tamén hai unha chamada a remexer, a que se faga algo. Porque igual que nos habituamos ás imaxes das caiucos chegando e a que deixen de ser noticia, o mesmo pasa coas mulleres invisibles na terra. Non me refiro só ás mendigas. Outras mulleres invisibles son as camareiras de hotel, por exemplo. Está ben que as que non estamos nas súas situacións concretas, nos lembremos delas, lembremos que hai xente pasándoo mal ao noso carón. Penso que hai poemas nos que se percibe unha chamada ao empoderamento.

«(...) Somos as que non somos. As outras», escribe Eli Ríos no prólogo de *Náufragas*.

Debemos vernos como unha tribo. E unirnos para defendernos. Nós, as que estamos nesta terra, as que están en África... E non se trata de poñer un *nós*, *mulleres* contra un *eles*, *homes*. Para nada. Este é un nós para apoiarnos. É un nós de sororidade.

É este un libro feminista?

Poñendo, como puxen, o título en feminino, xa marquei dalgunha maneira o camiño. É feminista? Si, si que o é. Claro. É un libro de sororidade, é feminista, é de denuncia. Cando falo do que lle pasa ás náufragas no mar, evidentemente denuncio algo que tamén lle está a pasar aos homes, pero elas, coma case sempre, teñen dobre invisibilidade.

E este libro marcado pola dureza quixo rematalo cun poema máis luminoso, *Voa*. Adrede?

Ese poema xa estaba escrito antes de rematar o libro. Pero encaixaba perfectamente. *Voa* é un poema de liberación, que anima a debuxar o destino propio. E é tamén un poema feminista. Aínda que non se refira nunca concretamente a unha muller. Moitos homes son tamén prisioneiros do machismo. Calquera sensible ou diferente, calquera homosexual ou cunha sexualidade diferente, sabe o que son as mofas, o bullying... É a mesma doenza, o mesmo virus: o machismo. Ese poema tiña que estar aí porque era tanta a carga de dureza que necesitaba acabar o libro así. Somos náufragas, efectivamente, pero hai boias salvavidas. Unha debe ter presente que sempre pode reconstruírse.